


# Ruta de Sendelle



## Introducción:

A parroquia de Santa Maria de Sendelle está situada ó suroeste do Concello, nunha das zonas máis baixas (350 metros sobre o nivel do mar); dista da capital do municipio 3'2 Kms.

A igrexa é do século XII, con espadaña-campanario de dous vanos, do século XVII. Ó lado esquerdo, un cobertizo alberga a Santa Cruz, recordo dunha misión. A ela acoden moitos debotos.

A densidade de poboación mantense, unha boa mostrta delo é o gran numero de casas novas e en construción que nos atopamos.

Debido a ter feita a concentración parcelaria, hai xa uns vinte anos, non quedan corredoiras, o castro foi derruido e a masa arborea orixinal diminuiu, dando paso a plantacións de eucaliptos.

É unha zona rica en explotacións gandeiras.

A vía principal que a atravesa é unha estrada secundaria que une Boimorto con Arzúa pasando pola zona.

### **Descrición da Ruta:**

Partimos da igrexa parroquial, no lugar do mesmo nome. Está rodeada polo cemiterio, e ten un cruceiro na parte de atrás. De fronte temos o campo da romaría cunha fonte, o palco e, ó fondo, a antiga escola unitaria.

Imos á dereita pasando a reitoral, vemos ó lonxe, á beira da estrada, en Franzomil, unha fraga.

Collemo-la pista que nos leva a Pazo. Ó longo do camiño discorre o Rego Fondo. Despois dunha carballeira, parámonos ante o Pazo de Cuinta. É un vello casarón de planta en L, de pedra revocada e cuberta a dúas augas. Na planta baixa atópanse as dependencias dos animais, almacéns....;na superior a vivenda.

Na súa fachada pódense ver dous escudos. De orixe nobiliario, estaba habitado só temporalmente. As súas pertenzas pasaron a mans de sucesivos herdeiros.

Dan idea do que noutrora foi, os xardíns, con gran variedade de frutais e plantas centenarias.... Ten hórreo e pombal .

A través do xardín discorre o Rego Fondo, cuberto nalgúns puntos por grandes lousas. Está rodeado por un alto valado.

Uns metros máis adiante imos á dereita, cruzámolo Rego das Punticelas,que vemos debuxado ó longo das praderías, gracias ás especies de ribeira que medran ós seu carón: ameneiros ,salgueiros, sangriños, vidueiros,.... Nace no Monte da Outeira e o mesmo que o Rego da Cova(a súa auga ten propiedades medicinais) e outros vai dar ó Rego Fondo.

Sáimos á estrada principal que ven de Boimorto. Se nos desviamos da ruta uns metros á dereita, topámonos co Picho, onde a auga que provén dun regato, mana por unha abertura de pedra que representa a cara dun home.

Indo á esquerda cruzámola pista e seguimos ata o Marco de Abaixo, onde deixamos típicas casas e labranza con hórreos e algún forno aínda en funcionamento.

Xa no Marco de Arriba, está a Casa do Menor; construción do século XVII de sillería de granito, reconstruída recentemente despois dun incendio.

A porta principal presenta arco de medio punto, sobre ela un escudo coa lenda: “esta casa la hizo Rodrigo de Pinero, año 1614”.

Máis adiante érguese a Capela do Menor con porta adintelada na fachada, sobre ela, ventá con arco de medio punto espadaña e campanario dun só van, rematada en cruz.

Á dereita(seguinto a pista), témola Casa Grande do Marco. Os propietarios, xunto cós do Pazo, eran donos da meirande parte de Sendelle.

No interior, gárdanse varias armas, espadas, dagas, algunha armadura e outros obxectos. Ten pombal e un gran hórreo.

Frente á casa, un gran carballo, da sombra á fronte e a unha mesa de pedra, utilizada polo señores da casa.

A pista segue con abundante arbolado nas beiras, entre prados, e baixando cara Vilanova. Aquí collemolo camiño da dereita entre casas, deixamos ó carón do rego, os restos dun muiño, e chegamos de novo ó lugar de Igrexa.

Se imos ata Saamil, vía alternativa, sorpréndenos a entrada da casa, franqueada por carballos e castiñeiros, e a abundancia de especies: acibros, loureiros, sobreiras,... Xa baixando , temos unha carballeira.

Outra vía alternativa lévanos a Vilar, onde atopamos un muiño dos de maquíá, en bo estado. Os outros da parroquia eran de peza. No lugar de Galiñeiras hai uns bos exemplares de carballo.